

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE  
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO  
DE MOS E A EMPRESA SERVICIOS DE AUTOBÚS LAR, S.L. - AUTOSLAR  
COMO CONCESIONARIA DO TRANSPORTE URBANO MUNICIPAL, PARA A  
DETERMINACIÓN DAS CONDICIÓNS DE COMPENSACIÓN TARIFARIA E AS  
SÚAS OBRIGAS ASOCIADAS NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO  
DE VIGO, TRAMITADO COMO EXPEDIENTE ANTICIPADO DE GASTO**

**REUNIDOS**

Don Ignacio Maestro Saavedra, director xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en representación da dita consellería por delegación de sinatura da conselleira, feita por Orde do 7 de setembro de 2017 (publicada no Diario Oficial de Galicia número 179, do 20 de setembro de 2017).

D<sup>a</sup>. Nidia María Arévalo Gómez, alcaldesa do Concello de Mos, en virtude da representación legal atribuída polos apartados 1 e 4.a) do artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL, no sucesivo), en relación co artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG, no sucesivo), segundo nomeamento efectuado polo Pleno da Corporación, en nome e representación do referido concello.

D. Rodrigo Manuel Salgado Pombo, provisto de DNI nº 36142765-J actuando en nome e representación da empresa SERVICIOS de AUTOBÚS LAR, S.L. - AUTOSLAR, con base na escritura de constitución da sociedade, outorgada ante o notario de Vigo don José Antonio Rodríguez González o día 9 de xuño de 2003 co número 1.600 do seu protocolo.





Os reunidos recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e capacidade legal para formalizar o presente convenio de colaboración, e para o efecto

## **EXPOÑEN**

**1.-** Con data do 4 de marzo de 2015 asinouse o Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Vigo, mediante o cal as Administracións que participan no mesmo, a Xunta de Galicia e diferentes concellos da denominada Área de transporte metropolitano de Vigo, favoreceron a introdución de importantes melloras para as persoas usuarias, máis alá do abaratamento do prezo do transporte, tales como a simplificación de prezos mediante a introdución dunha tarifa zonal e a despenalización do transbordo, contribuíndo á integración dos sistemas de transporte interurbano e urbano.

Para a implantación das medidas previstas no indicado convenio e, singularmente, posibilitar a despenalización do transbordo entre os servizos metropolitanos interurbanos e o servizo metropolitano urbano, con data do 21 de febreiro de 2017 asinouse un segundo Convenio de colaboración, nesa ocasión entre a entón Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Mos e a empresa SERVICIOS de AUTOBÚS LAR, S.L. - AUTOSLAR, co obxecto de determinar o sistema de compensacións derivados desa despenalización do transbordo e as obrigas das partes como consecuencia da integración do transporte urbano do Concello de Mos no eido do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na área de Vigo. Este convenio de colaboración mantíña unha clara vinculación co convenio interadministrativo do 4 de marzo de 2015, antes citado.



**2.-** Tendo en conta que o 31 de decembro de 2021 esgótase a vixencia do Convenio do 4 de marzo de 2015 anteriormente citado, incluídas as súas posibles prórrogas, as Administracións que participan nel comezaron un procedemento para a súa renovación. No mesmo sentido, tanto pola vinculación entre ámbolos dous convenios como polo esgotamento das posibilidades de prórroga do convenio do 21 de febreiro de 2017, debe procederse á súa renovación para facilitar a continuidade das medidas de integración entre as redes de transporte e a conseguinte despenalización do transbordo.

Polo tanto, toda vez que o presente convenio se configura como instrumento para a articulación das medidas de promoción do transporte público colectivo que fixarán as administracións participantes no Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo, recóllese neste novo documento a indicada vinculación entre os dous convenios.

**3.-** A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transportes terrestres que se desenvolvan integramente dentro do seu territorio, de acordo co establecido no artigo 148.5 da Constitución Española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia. O Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, órgano da Administración autonómica ao que corresponden as competencias e funcións en materia de transportes, determina que a Dirección Xeral de Mobilidade terá, entre outras, as funcións relativas á coordinación dos transportes urbanos e interurbanos e a implantación de plans de fomento do transporte público.





**4.-** O Concello de Mos ten as competencias tanto en materia de transporte público de viaxeiros como na ordenación do tráfico de vehículos e persoas e na protección do medio ambiente, tal e como se establece nos artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e na demais normativa estatal e autonómica de aplicación.

**5.-** A empresa SERVICIOS de AUTOBÚS LAR, S.L. - AUTOSLAR é a actual prestataria do servizo de transporte municipal do Concello de Mos.

**6.-** Para os efectos de articular o establecemento das medidas de compensación que serán abonadas á empresa prestataria por mor das bonificacións aprobadas polas Administracións, procederase ao seu establecemento mediante instrumentos de colaboración como os convenios de colaboración.

De conformidade co anterior, o presente Convenio de colaboración constitúe un mecanismo axeitado para a fixación das condicións do sistema de compensación tarifaria e as obrigas das partes derivadas da integración do transporte urbano do Concello de Mos no sistema de transporte metropolitano e na próxima Área de Transporte de Galicia (ATG), de acordo coas seguintes

## **ESTIPULACIÓNS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O presente Convenio ten por obxecto determinar o sistema de compensación tarifaria e as obrigas das partes derivadas da integración do transporte urbano do Concello de Mos no sistema de transporte



metropolitano definido no Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo.

## SEGUNDA.- DEFINICIÓNS E CRITERIOS BÁSICOS

Coa finalidade de homoxeneizar conceptos e facilitar a implantación dun sistema de compensación común establécense as seguintes definicións:

**Tarxetas de pagamento integradas:** medio de pagamento que, con independencia do emisor, permite viaxar a través de varios medios ou modos de transporte.

Terán esta consideración aquelas tarxetas equivalentes á Tarxeta da Mobilidade de Galicia (TMG) e compatibles con ela que, emitidas ou promovidas por outras Administracións, sexan incorporadas pola Dirección Xeral de Mobilidade ao sistema de transporte metropolitano de Galicia como xa o foi a Tarxeta Millenium da Coruña e a Tarxeta Cidadá de Lugo.

No caso de que o Concello de Mos desexase promover a integración dunha tarxeta propia como tarxeta integrada, comunicarlle á Dirección Xeral de Mobilidade a programación prevista para tal fin.

A Dirección Xeral de Mobilidade comunicará ao Concello de Mos a admisión de novas tarxetas no sistema de transporte metropolitano de Galicia, a cal, logo da súa homologación e da adopción dos correspondentes acordos administrativos, será válida no conxunto das ATM en vigor.

**Viaxe urbana:** desprazamento metropolitano realizado por unha persoa usuaria dentro da rede de transporte urbano da cidade cabeceira. Este





desprazamento poderá estar constituído por unha ou por varias etapas, todas elas urbanas, con base nas regras de transbordo que en cada momento teña fixadas o sistema de transporte urbano.

**Viaxe interurbana:** desprazamento metropolitano realizado por unha persoa usuaria no que unha, varias ou a totalidade das súas etapas efectuaranse en servizos de transporte diferentes do urbano da cidade cabeceira.

**Tarifas TMG social do servizo municipal:** tarifas aplicables a viaxes urbanas realizadas no servizo urbano ou municipal do Concello de Mos cunha bonificación adicional a favor dos colectivos determinados polo concello.

Estas tarifas xestionaranse a través do aplicativo social da TMG, da Xunta de Galicia, previa aprobación e notificación á Dirección Xeral de Mobilidade por parte do concello. A alta, baixa e modificación de beneficiarios destas tarifas TMG social, ou dos perfís que lles resulten de aplicación, será realizada por parte do Concello de Mos na referida aplicación tecnolóxica, nos termos e de acordo co manual de uso que en cada momento lle resulte de aplicación.

O Concello de Mos asume o custo íntegro destas bonificacións, que a Dirección Xeral de Mobilidade abonará ás persoas beneficiarias delas mediante o sistema de bonificacións por recorrencia da TMG, con cargo ao importe económico que o concello terá transferido previamente á Xunta de Galicia.

A supresión de calquera tarifa TMG social do servizo municipal deberá ser comunicada polo Concello de Mos á Dirección Xeral de Mobilidade con, cando menos, un mes de antelación á data na que a dita supresión sexa efectiva.



### **TERCEIRA.- SISTEMA DE COMPENSACIÓN**

Co fin de regular o funcionamento das tarxetas de pagamento integradas establécese o seguinte procedemento secuencial:

1. Cunha periodicidade quincenal o operador urbano cobrará directamente da entidade financeira emisora das indicadas tarxetas os importes correspondentes ás tarifas abonadas polas persoas usuarias que foron obxecto de desconto nelas.

2. Cunha periodicidade mensual, o operador percibe as compensacións que lle corresponde abonar á Xunta de Galicia por viaxes metropolitanas interurbanas, ata acadar o nivel de compensación correspondente.

### **CUARTA.- OBRIGAS DO OPERADOR URBANO OU MUNICIPAL**

1.- O concello de Mos, a través da empresa municipal SERVICIOS de AUTOBÚS LAR, S.L. - AUTOSLAR obrígase a remitir a través da aplicación SITME (ou aplicación análoga da Xunta de Galicia que a substitúa) a información diaria de tódalas cancelacións realizadas con tarxetas de pagamento integradas que podan xerar compensacións entre administracións. Os datos serán remitidos de luns a venres laborables e referidos ao día ou período anterior desde a última colecta.

O incumprimento do prazo de remisión das colectas poderá determinar que a colecta non remitida en prazo sexa rexeitada polo sistema e, por tanto, non xere dereito ao abono da compensación que corresponda á Xunta de Galicia, en termos análogos aos que se establezan pola Dirección Xeral de Mobilidade respecto dos operadores de transporte interurbano; en calquera caso, esta penalización non se aplicará no suposto de retrasos en non máis





de 7 días na remisión dos datos á aplicación SITME, sempre que esta circunstancia non sexa reiterada.

2.- Igualmente, con independencia das obrigas de comunicación, ou doutra índole, que puideran derivarse dos correspondentes procedementos administrativos, para a correcta execución do presente convenio, o Concello de Mos comprométese a dar traslado á Dirección Xeral de Mobilidade dos seus acordos de modificación das tarifas no prazo máis breve posible e, en todo caso, cunha antelación de 7 días á súa aplicación.

#### **QUINTA.- SISTEMA DE PAGAMENTO AO OPERADOR**

1.- Periodicidade. Con independencia da propiedade da tarxeta de pagamento integrada, a entidade ou entidades financeiras propietarias ou que dean soporte á tarxeta procederán á transferencia ao operador polos saldos descontados delas cunha periodicidade quincenal.

Os pagamentos das bonificacións asumidos pola Xunta de Galicia realizaranse cunha periodicidade mensual nun prazo de cinco días a contar dende que se produce a validación da última colecta do mes correspondente.

2.- Cálculo das bonificacións. Para o cálculo das bonificacións teranse en conta as colectas remitidas pola empresa SERVICIOS de AUTOBÚS LAR, S.L. - AUTOSLAR ao SITME, que, unha vez procesadas por esta aplicación, serán remitidas á entidade financeira colaboradora para a súa validación, logo do que, no caso de que non sexa validada a colecta, o operador deberá corrixir os erros detectados; e no caso de validación favorable, pasará a información a procesarse no sistema de compensacións.



A compensación realízase por viaxe urbana, sobre a base das regras de transbordo que resulten de aplicación a cada concesionario urbano. Os niveis de compensación aplicables coincidirán co importe do billete bonificado de uso xeral aprobado polo concello titular do servizo de transporte urbano. A tarifa TMG de cero saltos terá a consideración de billete bonificado de uso xeral; coa implantación da ATG terá esa mesma consideración a tarifa TMG aplicable a viaxes dentro dun mesmo termo municipal.

Así, polas viaxes urbanas que forman parte dunha viaxe interurbana, abonarase o produto entre o número de viaxes urbanas pagadas con tarxetas de pagamento integradas e a tarifa de referencia, billete bonificado de uso xeral, menos o obtido nas colectas destes billetes.

$$C_{XU.TRANSBORDO TI} = [V_{TI} \times \text{Prezo Bonobús}] - [\text{Ingresos Colectas}]$$

Onde:

$C_{XU.TRANSBORDO TI}$ : Compensación efectuada pola Xunta de Galicia ao operador de transporte urbano polas viaxes urbanas que resultan do transbordo dentro dunha viaxe interurbana e que foi pagada cunha tarxeta integrada.

$V_{TI}$ : Viaxes con dereito a compensación da Xunta de Galicia, realizadas con tarxetas de pagamento integradas. Unha viaxe urbana pode estar constituída por unha ou varias etapas sobre a base do tratamento do transbordo que teña establecido o concello.

*Prezo Bonobús*: Prezo de referencia do bonobús, ou billete bonificado de uso xeral, dos sistema de transporte urbano da cidade.





*Ingresos colectas:* Ingresos percibidos nas cancelacións realizadas coas tarxetas de pagamento integradas diferentes á do urbano.

A táboa de prezos por salto e os niveis de compensación estarán sometidos ás actualizacións que periodicamente aprobe a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade consonte co previsto no Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo, ou as tarifas que as substitúan no marco da ATG.

## **SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

1.- Establécese unha Comisión de Seguimento á que lle corresponderán as funcións que se lle atribúen en virtude do presente convenio, así como o labor de interpretación e desenvolvemento deste.

2.- Esta Comisión está composta por:

- A persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade ou persoa en quen delegue, que actuará como Presidente.
- A alcaldesa do Concello de Mos, ou persoa en que delegue.
- Un/Unha representante da empresa prestataria do servizo de transporte urbano do Concello de Mos.

Como secretario/a desta Comisión asistirá ás súas reunións, con voz pero sen voto, un/unha técnico/a da Dirección Xeral de Mobilidade.



3.- Os acordos da Comisión de Seguimento deberán ser adoitados por unanimidade, sen prexuízo do exercicio das competencias que, en cada caso, corresponda ás Administracións públicas participantes.

#### **SÉTIMA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO**

Para a normal execución das obrigas previstas no presente Convenio a Xunta de Galicia dispón de crédito orzamentario suficiente con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.512A.470.1 comprometéndose a efectuar as correspondentes previsións orzamentarias nos exercicios futuros polo importe que en cada caso corresponda segundo o establecido no Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo, e os acordos de reaxuste, actualización e liquidación adoptados en execución do mesmo.

#### **OITAVA.- VIXENCIA**

O presente convenio subscríbese no marco do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo, iniciando a súa vixencia o día 01/01/2022 ou, se fose o caso, na data posterior na que tivese lugar a entrada en vigor daquel. Manterá a súa vixencia por un período de dous anos, e no suposto de que o convenio anteriormente citado sexa prorrogado, o presente convenio tamén se entenderá prorrogado, salvo denuncia expresa das partes comunicada por escrito con 3 meses de antelación a que opere a devandita prórroga.

Será causa de resolución a perda da vixencia do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia





na área de transporte metropolitano de Vigo sen previsión expresa das partes respecto da vixencia da presente liña de colaboración.

No suposto de que houbera novos prestatarios do servizo municipal do Concello de Mos distintos do que subscribe este convenio, o Concello de Mos preverá a subrogación dos novos prestatarios nas condicións e compromisos asumidos neste convenio, notificando esta subrogación subxectiva á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia con, cando menos, un mes de antelación á data na que se produza a sucesión na prestación do servizo. Esta comunicación será título suficiente para producir a novación subxectiva no presente convenio durante a súa vixencia, sen necesidade de trámites administrativos posteriores.

O presente Convenio de colaboración poderá ser obxecto de modificación ou novación obxectiva mediante acordo ao respecto das partes asinantes; en todo caso, a anterior esixencia de concorrencia de vontades nin constituirá renuncia nin será limitativa das facultades ou potestades que ás Administracións Públicas participantes lles competen no exercicio de potestades públicas legal ou regulamentariamente establecidas.

Coa integración do Concello de Mos na ATG, o presente convenio manterá a súa vixencia no marco desta nova actuación, coas previsións que se establecen no seu clausulado para efectos da determinación de tarifas e nivel de compensación.

## **NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO**

O presente Convenio de colaboración subscribíase no marco do Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e os concellos de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos



de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño e Soutomaior, para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo.

O presente Convenio enmárcase no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalidade e sostenibilidade da Administración Local), e no título V, artigos 198 e 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Este Convenio encóntrase incluído dentro dos previstos no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de contratos do sector público, polo que queda fora do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante aplicaranse os principios desta norma para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

Este Convenio rexerese polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.

A resolución das posibles cuestións litixiosas que se puidesen suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do Convenio, pola Xurisdición Contencioso- Administrativa.

## **DÉCIMA.- PUBLICACIÓN**





Este convenio será obxecto de publicación nos termos establecidos no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia e demais normativa aplicable, e as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas neste, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Este Convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento. E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan electronicamente o presente convenio.

Pola Consellería de infraestruturas e  
Mobilidade

Polo Concello de Mos

Ignacio Maestro Saavedra

Nidia María Arévalo Gómez

Por SERVICIOS de AUTOBÚS LAR, S.L.

Rodrigo Manuel Salgado Pombo

*(documento asinado dixitalmente)*

